

-As bases que regulan o proceso selectivo foron publicadas no BOP do 4 de novembro de 2008.

-O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais desde o anuncio correspondente no BOE.

-Exclusivamente poderán acceder á convocatoria da devandita praza os licenciados en xeografía.

Ourense, 19 de febreiro de 2008.

José Luis Baltar Pumar  
Presidente da Deputación Provincial de Ourense

#### *Anuncio de licitación.*

Procedemento aberto para a contratación da subministración de formigón para o uso nas brigadas da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2009.

No BOP de Ourense publícanse íntegros os pregos de condicións para a contratación, mediante procedemento aberto, da subministración de formigón para o uso nas brigadas da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2009, cun tipo de licitación de 170.000 € (IVE, e demais impostos incluídos), integrado pola suma dos importes do valor estimado da subministración (146.551,72), e o IVE aplicable (23.448,28). As proposicións presentaranse ata as 14.00 horas do décimo quinto (15º) día natural contado desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, no rexistro da Deputación Provincial de Ourense. A apertura de proposicións terá lugar de conformidade co disposto na cláusula XIII do prego de condicións. A documentación necesaria e demais datos figuran no mencionado prego de condicións, que será facilitado gratuitamente aos que o soliciten, no rexistro da Deputación Provincial de Ourense, rúa Progreso nº 32 ou por teléfono: 988 38 52 02 e fax: 988 38 51 84 ou na páxina web da deputación [www.depourense.es](http://www.depourense.es)

Ourense, 3 de marzo de 2009.

José Luis Baltar Pumar  
Presidente da Deputación Provincial de Ourense

#### **e) OUTROS ANUNCIOS**

#### **FUNDACIÓN GALICIA EMIGRACIÓN**

*Resolución do 13 de xaneiro de 2009 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta fundación no terceiro cuadrimestre do ano 2008.*

De conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas

prácticas na Administración pública galega, procédese á publicación da relación dos convenios de colaboración subscritos pola *Fundación Galicia Emigración* no terceiro cuadrimestre do ano 2008, que figuran no anexo.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2008.

Manuel Luis Rodríguez González  
Presidente da *Fundación Galicia Emigración*

#### *ANEXO*

| Convenio  | Data sinatura | Achega <i>Fundación Galicia Emigración</i> |
|---|---------------|--|
| Convenio de colaboración entre a <i>Fundación Galicia Emigración</i> e a <i>Asociación de Empresarios Galegos na Argentina</i> (Aega) para a celebración das I Xornadas do Empresariado Galego na Argentina.  | 10-9-2008     | 50.000 €                                   |
| Convenio de colaboración entre a <i>Fundación Galicia Emigración</i> e Casa de Galicia de Montevideo co fin de contribuír á atención das necesidades sanitarias dos emigrantes galegos e os seus descendentes residentes no Uruguai.  | 14-9-2008     | 30.000 €                                   |
| Convenio de colaboración entre a <i>Fundación Galicia Emigración</i> e a Deputación Provincial da Coruña, para financiar durante o ano 2008 accións de asistencia social e sanitaria dirixidas aos colectivos de emigrantes galegos residentes en Iberoamérica e emigrantes retornados. | 8-10-2008     | 15.000 €                                   |
| Convenio de colaboración entre a <i>Fundación Galicia Emigración</i> e a <i>Asociación Empresarios Galegos na Argentina</i> (Aega) para a celebración dun curso de formación para emprendedores na Argentina.   | 14-11-2008    | 25.000 €                                   |
| Convenio de colaboración entre a <i>Fundación Galicia Emigración</i> e a Sociedade Beneficente Rosalía de Castro co fin de contribuír á atención das necesidades socio-asistenciais básicas dos emigrantes galegos e os seus descendentes residentes no Brasil.                         | 19-11-2008    | 6.000 €                                    |

#### **FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA**

*Anuncio de contratación de servizos para feiras e certames 2009.*

Anúnciase a contratación de servizos para feiras no recinto feiral da fundación, en Silleda (Pontevedra), durante este ano 2009, que seguidamente se relacionan, a teor das follas de especificacións, dos pregos de condicións e dos pregos de prescricións técnicas formulados por esta fundación, que poderán ser examinadas polas persoas e empresas interesadas na páxina web [www.feiragalicia.com](http://www.feiragalicia.com) ou directamente na sede administrativa no recinto feiral, en Silleda (Pontevedra).

As proposicións dos interesados, axustadas ás ditas especificacións e pregos, poderán presentarse na sede da fundación, dentro do prazo máximo de quince días naturais seguintes á publicación deste anuncio.

Os servizos que se van contratar son os seguintes:

-Referencia: 6006/2009-01: montaxe de postos, moqueta, tarima, carpas, mobiliario, complementos e prestación de servizos accesorios. Orzamento máximo de licitación: 200.000 euros máis IVE.

-Referencia: 6006/2009-02: servizo de seguridade xeral do recinto feiral e particular para cada certame feiral e congresual. Orzamento máximo de licitación: 200.000 euros máis IVE.

-Referencia: 6006/2009-03: servizo de limpeza xeral e recollida de R.S.U. Orzamento máximo de licitación: 150.000 euros máis IVE.

-Referencia: 6000/2009-04: servizo de limpeza de oficinas e instalacións empregadas polos traballadores da *Fundación Semana Verde de Galicia*. Orzamento máximo de licitación: 50.000 euros máis IVE.

Silleda, 16 de marzo de 2009.

Paloma Hidalgo López  
Directora xeral da *Fundación Semana Verde de Galicia*

## CEEI GALICIA, S.A.

*Resolución do 18 de febreiro de 2009 pola que se lle dá publicidade á adxudicación no procedemento aberto de asistencia técnica para o Programa Innoempresa de Cooperación Empresarial para a participación de Pemes galegas en programas de cooperación tecnolóxica internacional do CEEI Galicia, S.A.*

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, faise público a adxudicación do seguinte contrato de servizos:

1. Entidade adxudicadora:

Organismo: *CEEI Galicia, S.A.*; Barrio de San Lázaro 63A, 15703 Santiago de Compostela, telf: 981 54 68 23, fax: 981 54 68 32.

Dependencia que tramita o expediente: Área de Estruturas de Apoio á Creación de Empresas.

Número de expediente: INNE-0809.

2. Obxecto do contrato:

Tipo de contrato: consultoría e asistencia técnica.

Descrición do obxecto: asistencia técnica para o Programa Innoempresa de Cooperación Empresarial para a participación de Pemes galegas en programas

de cooperación tecnolóxica internacional, do *CEEI Galicia, S.A.*

Data de publicación na plataforma de contratación: 22-12-2008 14.06; selo-RTX PR RWEB01 2008/5521.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto con varios criterios de valoración.

4. Orzamento máximo total de licitación: 158.830 euros, IVE excluído.

O financiamento dos servizos obxecto de contratación levase a cabo por medio de Programa de Apoio á Innovación de Pequenas e Medianas Empresas (Innoempresa), a cargo dos orzamentos xerais do Estado, do orzamento da Unión Europea a través dos fondos operativos Feder 2007-2013 e do orzamento do Instituto Galego de Promoción Económica de Galicia (Igape).

5. Adxudicación definitiva:

Data de publicación na plataforma de contratación: 16-2-2009; selo-PR RWEB01 2009/711.

Adxudicatario: *Desarrollo de Estrategias Exteriores, S.A.*

Importe da adxudicación: 126.500 euros, IVE excluído.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2009.

Enrique Vila Sánchez  
Apoderado *CEEI Galicia, S.A.*

## RESTAURACIÓN ARTESANÍA O CAMIÑO, S. COOP. LTDA.

*Anuncio de disolución.*

En cumprimento do previsto na Lei 27/1999, do 6º de xullo, xeral de cooperativas, faise constar que, en asemblea xeral universal do 18 de outubro de 2007, se acorda, por unanimidade, a disolución e liquidación da entidade *Restauración Artesanía O Camiño, S. Coop. Ltda.*, actuando como liquidadores sociais Miguel Ángel Mourelo Raposo con NIF 76622081-L e Jaime Fernández Barrio con NIF 34264874-A.

Lugo, 16 de febreiro de 2009.

Jaime Fernández Barrio  
Administrador de *Restauración Artesanía O Camiño, S. Coop. Ltda.*